

PROCESO: PLANIFICACIÓN PREVIA

Presentación do tema

A partires dunha imaxe inicial plantéxase o tema no seu contexto, ante o alumnado se amosa un bosquezo do mural e infór-mase da as diferentes partes do mesmo.

Pártese dun debuxo rectangular e apaisado no que aparece o globo terráqueo centrado, no espazo sobranse fanse catro cadrantes nos que se sitúan os catro elementos: AIRE, AUGA, TERRA e LUME.

Disponse o conxunto de cartóns nunca superficie plana e extensa como pode ser o chan da aula e se fai unha circunferencia centrada e con radio suficiente como para achegarse ao borde sen cegar a tocalo. Nesa circunferencia debuxarase o globo terráqueo

simplificando as formas e definido só os bordes. Por outra banda o espazo xeral queda dividido en catro partes nas que se sitúan os catro elementos clásicos AUGA, AIRE, TERRA e LUME, debuxando as letras en maiúscula.



Aumentar a solidariedade entre compañeiros

MANS NA OBRA...

Unha vez rematado, dividido e numerado por detrás, a cada alumno se lle da unha peza do puzzle de xeito desordeado para que non traballen ao lado doutra peza semellante e poidamos asegurarnos o factor sorpresa.

As condicións a prantear son: tempo limitado, só

material de refugallo, cola e témperas para rematar en caso necesario. É conveniente fixar as gamas cromáticas de cada elemento. Suxeríselle, tamén os motivos poderían que ilustrar cada zona. Cada un leva o seu anaco sabendo a qué área pertence.

En canto ao globo terrá-

queo, limitase a terra ao verde e a auga ao azul.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Elaborar plasticamente unha mensaxe.

Empregar elementos plásticos do xeito máis acaído para conseguir á expresión dunha idea determinada.

Un traballo en equipo promovendo actitudes de cooperación e sostibilidade.

CONTIDOS TRASVERSAIS:

A partires da observación do seu entorno traballan o contido transversal da **Educación Ambiental**, fomentando o respecto que se debe de ter para conservalo. Nesta unidade trátase de desenvolver a sensibilidade no proceso de percepción e na análise dos elementos que configuran o

entorno.


Nesta unidade trabállase a **Educación Moral e Cívica** xa que deben valorar a importancia do traballo sistematizado, contribuíndo deste xeito a mellora no rendemento do traballo en grupo e a súa coordinación.

CONTRIBUÍMOS A...

Consolidar a responsabilidade ambiental como un instrumento máis á hora de crear.

„Aumentar a solidariedade entre compañeiros vinculando ideas e esforzos á hora de traballar.

Implicar ao alumnado na mellora das estratexias de comportamento sostible e na conservación das mesmas.



Un aula sostible para un planeta sostible.

Recic-ARTE

**IES TERRA DE TURONIO.
Gondomar**

COMPETENCIAS BÁSICAS.

Autonomía e iniciativa persoal.

Se sitúa o alumnado ante un proceso que o obriga a tomar decisións de maneira autónoma, e que xunto co espírito creativo fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

Competencia social e cidadá.

Na medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, promovendo actitudes de cooperación e flexibilidade.

Cultural e artística.

Familiarizándose co ámbito artístico, aprendendo a mirar, ver, observar e ao tempo apreciar os valores estéticos e culturais a través das diferentes técnicas de expresión artística.

Cofecemento e interacción co mundo físico.

A través do cofecemento e a interacción co mundo físico introdúcense valores de sustentabilidade e reciclaxe. Boas boas prácticas na utilización de materiais para a creación de obras.

Recic-ARTE. Un aula sostible para un Planeta sostible.....

Cristina Brea Lodeiro

IES TERRA DE TURONIO

Grupo Trabajo Axenda 21. 2010-11

A experiencia.

Esta **Unidade Didáctica** desenvólvese na área da Educación Plástica e Visual pero ven da man do proxecto de centro que engloba a Axenda21EG.

O proxecto trata de fusionar a creatividade e a responsabilidade medioambiental, amosándolle ao alumnado o sen fin de posibilidades que amosan os materiais aínda cando xa pensamos que non lles quedan máis vidas. É un caso de esforzo persoal e grupal para lograr unha aula sostible.

Como indica o título, os/as alumnos/as produ-

ciran ARTE dende a reciclaxe de elementos de todo tipo.

Parte da motivación ven dada polo feito de que cada clase participa coa elaboración do mural e decoración da clase no concurso de Aula Sostible dentro do centro. Partimos pois da educación medioambiental como base de todo o proxecto.

Do mesmo xeito que a materia de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL ten como un dos obxectivos conseguir que a percepción dos elementos circundantes: obxectos, estruturas, formas, ... que poden usarse



polo alumnado para que faga de xeito consciente unha análise do espazo que ocupan.

Mellor comprensión do mundo...

Asemade esta materia axuda a proporcionar unha mellor comprensión do mundo no que vivimos, a comunicarnos mellor con el ou a desenvolver un sentido estético que nos axude a medar como individuos.

Búscase que os alumnos adquiran a capacidade de apreciar o seu entorno visual, tanto na natureza como na creación humana, os valores propios das artes visuais e saber expresar os seus sentimentos, ideas e vivencias por medio da linguaxe plástica visual.

CONTIDOS

1. A imaxe como medio de transformación do ser humano e da sociedade.

2. Finalidades das linguaxes visuais: informativa, comunicativa, expresiva e estética.

3. A expresividade das texturas. A textura nas técnicas de debuxo e pintura.

Procedementos

1. Realización de composicións empregando material de REFUGALLO.

Creación de texturas por "collage".



MATERIAIS:

- Cartón de precisión
- Rotulador permanente grosso
- Compás encerado
- Cola branca
- Témpera
- Cinta adhesiva
- Material de refugallo (tecidos, papel, cartolinas, fíos, arames, follas, ramallos, etc)

Descrición do proceso

O traballo concíbese dende a área de Educación Plástica, pero sempre vinculado no proxecto de "Aula Sostible" que levamos traballado. Trátase de ser quen de cumprir con varios requisitos organizativos previos, para decorar a aula de xeito creativo e responsable. Usando o espazo propio como aglutinante de moitas destrezas e actividades a desenvolver na asignatura de Plástica.

IES TERRA DE TURONIO

Grupo Trabajo Axenda 21. 2010-11

OBXECTIVOS:

ESPECÍFICOS:

- Concienciar na conciencia de reciclar para garantir a sustentabilidade.
- Ser quen de sacarlle o máximo proveito ao material xa desbotado, dándolle unha segunda vida, neste caso "artística".
- Fomentar a colaboración interna de cada aula como grupo, sabendo que "todas as pezas son precisas para o remate final do "Crecacabezas"
- Afrontar unha tarefa de xeito grupal, fomentando a responsabilidade, o respecto e aceptación dos compañeiros/as.
- Distinguir e analizar calquera tipo de mensaxe visual,

dende a publicitaria e a informativa ata a mensaxe artística, xa que os alumnos viven nun sistema de produción de imaxes cada vez máis rápido e confuso.

• Utiliza-la expresividade das texturas na creación de traballos propios.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DESTA ETAPA.

Traballaremos especialmente dous:

- Apreciar as posibilidades expresivas que ofrece a investigación con diversas técnicas plásticas e visuais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo, estable-

cendo unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

- Planificar, individual ou colectivamente, as fases do proceso de realización dunha obra. Analizar os seus compoñentes para adecualos ós obxectivos que se pretenden conseguir. Revisar ó rematar cada unha das fases, valorando e observando con atención, precisión, pulcritude, reflexión e análise crítico o acabado.

Actitudes:

1. Recoñecemento do poder de comunicación das imaxes.
2. Confianza na propia expresión.
3. Coidado e gusto pola elaboración dos seus traballos.
4. Curiosidade e sensibilización ante os aspectos texturais do entorno.
5. Procura de solucións orixinais e expresivas na confección de texturas.
6. Disposición por explorar as propias posibilidades artísticas e gusto por levalas a cabo.